

Lingua galega (maiores de 45 anos)

Criterios de corrección

Cuestións:

1. Explique o significado que teñen as seguintes palabras e expresións no texto (subliñadas): *central térmica* (l. 1), *solicitude formal* (l. 3), *retorno* (l. 6), *directiva comunitaria* (l. 7), *rendible* (l. 9) (1 punto).

Sumaranse 0,20 puntos por cada resposta correcta.

Trátase de explicar con frases gramaticais o significado específico que estas palabras ou expresións teñen no texto. Abondará con que se perciba que os alumnos entenden a palabra e que son capaces de aproximarse a expresar o seu contido, sen que se esixa unha definición exacta. Pódense atribuír puntuacións parciais segundo a precisión da resposta. Non se considerará suficiente a indicación de sinónimos, aínda que se poden atribuír puntuacións parciais de 0,1 puntos se se escriben varios sinónimos.

2. Escriba o tema do texto e indique as ideas principais (2 puntos).

Asígnase 1 punto por enunciar o tema do texto nunha frase sintética e que abarque o contido do artigo (*O peche de centrais térmicas de Endesa*, ou similar). Outro punto corresponde a unha enumeración das ideas principais do texto. Requírese enunciar de maneira concisa e precisa as ideas, e non se consideran válidos resumos ou paráfrases do artigo. Puntuacións parciais poden ser atribuídas a respostas incompletas ou con faltas de precisión e exactitude.

3. Indique a categoría gramatical das seguintes palabras no texto (destacadas en letra negra): *complexo* (l. 2), *que*, *día*, *de* (l. 3), *as*, *Compostilla* (l. 4), *peche*, *fundamentalmente* (l. 5), *non*, *ver* (l. 6) (1 punto).

Atribúese 0,1 puntos a cada forma correctamente identificada: *substantivo*, *conxunción*, *substantivo*, *preposición*, *artigo*, *substantivo (nome propio)*, *substantivo*, *adverbio*, *adverbio (negación)*, *verbo*.

4. Conxugue o pluscuamperfecto de indicativo e o presente de subxuntivo dos verbos *ser*, *ter*, *servir*, *estar*, *pedir* (2 puntos).

Por cada tempo verbal correctamente conxugado en todas as súas formas, 0,2 puntos. Non se considerarán válidas as respostas que unicamente indiquen unha persoa ou que non completen as seis formas de cada tempo, nin aquelas que inclúan formas incorrectas.

5. Escriba un comentario crítico sobre o tema do texto, engadindo argumentos propios a favor ou en contra da opinión do autor (4 puntos).

De acordo co programa desta materia, o alumnado debe escribir un comentario crítico no que demostre a súa capacidade de expresar de maneira organizada e razoada ideas sobre o tema do texto, poñendo en relación os aspectos máis relevantes deste cos coñecementos, ideas e experiencias propias. No comentario someteranse a xuízo crítico

as ideas do texto e a súa intención, evitando as paráfrases, resumos ou a repetición do seu contido. As persoas que se examinan deben expoñer os seus argumentos de maneira organizada e coherente, producindo un texto organizado, por medio dos recursos lingüísticos apropiados e correctos.

Na avaliación deste comentario valorarase a pertinencia dos argumentos, pero sobre todo a correcta construción do texto (organización da información) e a adecuación e a corrección lingüística (redacción, adecuación do nivel de lingua, gramática, léxico, ortografía, puntuación).